

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PALAS DE REI PARA A APERTURA E VISITAS PÚBLICAS AO CASTELO DE PAMBRE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Palas de Rei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o concello de Palas de Rei para a xestión da apertura e visitas públicas ao Castelo de Pambre.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde "a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da



rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Segundo.- Que o castelo de Pambre erixiuse a finais do século XIV. En 1484 pasa a ser propiedade dos Condes de Monterrei como fielato con funcións militares de custodia do Camiño de Santiago e cobro de portazgos. Co tempo, a estabilidade interna de Galicia dentro do conxuntos dos reinos de España e a decadencia do Camiño de Santiago trala reforma protestante do centro e norte de Europa fan que a súa función acabe derivando en núcleo de produción agropecuaria das terras vinculadas á propiedade da fortaleza na comarca lucense de A Ulloa. En 1702 descríbese xa a ruína da construción principal.

A mediados do século XIX o Duque de Alba cede a súa propiedade á familia Moreiras, D. Manuel García Blanco Catedrático e membro da Real Academia Galega e da Real Academia da Historia reivindicou en numerosas ocasións a súa revaloración. Máis adiante vendeu a fortaleza a D. Manuel Taboada Fernández que a cerrou deixándoa arruinarse e acabando coa produción agropecuaria. No ano 2009 por disposición testamentaria pasa a ser propiedade dos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres. Con data de 17 de xuño de 2017 foi adquirido por contrato de compra venda pola Xunta de Galicia, estando adscrito á Axencia Turismo de Galicia desde o 01 de xaneiro de 2021.

A fortaleza é un dos poucos exemplos de arquitectura militar do medievo galego que se conservou e sobreviviu á Revolta Irmandiña.

Terceiro.- Que de acordo coa Disposición adicional 2ª da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español os bens a que se contraen os Decretos de 22 de abril de 1949, 571/1963 e 499/1973, pasaron a considerarse Bens de Interese Cultural (BIC) e sometidos ao réxime previsto na citada Lei.

Actualmente e de acordo co establecido no artigo 12 da citada lei, o Castelo de Pambre está inscrito no Rexistro de BIC dependente do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte coa categoría de “Monumento”.



A Disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, dispón que *"todos aqueles bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que tivesen a condición de bens de interese cultural con anterioridade á entrada en vigor desta lei manterán a consideración de bens de interese cultural e quedarán sometidos ao mesmo réxime xurídico de protección aplicable a estes segundo esta lei"*.

Cuarto.- Que en virtude do disposto no artigo 13.2 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, os propietarios de bens de interese cultural **estarán obrigados a permitir a súa visita pública**, nas condicións de gratuidade que se determinen regulamentariamente, ao menos catro días ao mes, en días e horas previamente sinalados.

Así mesmo, o artigo 48 da Lei 5/2016, do 4 de maio, establece que *"as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos catro horas ao día, que serán definidos previamente"*.

Quinto.- Que o Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro constrúese co propósito de impulsar coa maior celeridade posible a reactivación turística de Galicia tras a crise sanitaria, económica e de emprego provocada pola COVID-19 no sector, de tal maneira que se conte cunha oferta forte e consolidada e un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega. A súa liña estratéxica 3: Territorio e Recursos Turísticos, pretende un impulso dun **turismo cultural sustentable** e implicado coa contorna, que se apoie na riqueza, variedade e singularidade do patrimonio material e inmaterial de Galicia para **conectar aos visitantes coa poboación local**, fomentando un comportamento responsable e respectuoso co patrimonio histórico e contribuíndo ao desenvolvemento socioeconómico do territorio.

Configurarase produto turístico con base en elementos patrimoniais físicos (como é o caso dos Bens de Interese Cultural), programando actividades culturais e divulgativas que faciliten a súa interpretación e a **inmersión na historia e costumes de Galicia**.



O Castelo de Pambre é un dos recursos turísticos que constitúe un valor diferenciador do concello, que se atopa no Camiño Francés, como de Galicia. Así mesmo, a posta en valor turístico deste castelo, na ruta do Camiño Francés, supón dotar a esta ruta declarada o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de Interese Cultural, e Patrimonio da Humanidade e por tanto, non só o Camiño mais importante dos que levan a Santiago senón tamén o mais transitado e o que necesita un valor mais alto de protección, dun recurso turístico-histórico de relevancia, que supoña unha experiencia cultural de alto interese para todos/as aquelas persoas que fan o Camiño de Santiago.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

